

Amigas e amigos.

Co noso recoñecemento ao Concello de Compostela e ao Consello da Cultura, temos con nós a Nancy Morejón poeta e ensaísta.

Ten publicado desde o ano 1962, co libro *Mutismos*, máis de once libros de poemas e catro libros de ensaio, entre o que está *Nación e mestizaxe en Nicolás Guillén*.

A súa palabra está chea de contención e de intensidade no seu apreixar o cotián até facelo palabra marabillada.

A poeta Nancy Morejón ás veces busca a comunicación tecendo o pano co que é de seu e habita o seu interior, con aquilo que é colectivo e forma parte do seu contorno.

Na súa obra ás veces a natureza é un ser animado. E nela sempre agroma un profundo amor a todo o que de humano nos constitúe e a todo o que nos rodea.

A poeta Nancy Morejón busca no poema a esencia desnudada, ao tempo que bebe da tradición popular e bebe na dor e na ledicia do seu pobo.

A súa palabra está chea de música interior.

Dáanos sempre o que é íntimo e revelador da verdade que nos constitúe.

Na súa poesía tamén está unha parte do pobo cubano, das mulleres de Cuba a través dun eu épico, en palabras súas.

Dialoga tamén nos seus poemarios co seu contorno en tempo real contemporáneo da poeta para concretar o seu humano labor na creación poética, sendo testemuña do devir social, onde os homes e as mulleres son protagonistas da historia.

A nosa poeta, na súa busca existencial, vai unha e tantas veces ás raíces da identidade.

Os poemas de Nancy Morejón sempre son lugar do indíxible aínda que se interne na realidade do cotián ou en lembranzas de lugares e seres queridos como apaixonada paisaxe existencial.

Hai poemas nos que a poeta se interroga como poeta que é muller, polo rostro de tantas e tantas que a precederon nun diálogo coas súas voces inapreixábeis de todas e que a sitúan diante propio coñecemento.

Concordo con Xerardo Fullea León:

*O sorriso de Nancy en consonancia cos seus ollos que propician a tenrura.*

*Muller, preta, caribeña e antillana por convicción, fainos participes cos seus poemas do máis auténtico e intenso da nosa identidade.*